



## NOTA INFORMATIVA

### Reunión “CONDICIÓN DE TRABALLO DOS TÉCNICOS FORESTAIS NA ÉPOCA DE ALTO RISCO” do martes 30 de xuño de 2020.

A mesa de negociación para a actualización do "Acordo sobre as condicións de traballo do persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 da Xunta de Galiza do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais" que data do 1 de abril de 2008 -en adiante acordo do ano 2008-, foi aberta oficialmente o pasado 09/08/2019. Abrírona tras 15 meses de pedimentos e mobilizacións. A continuidade da mesa de negociación foi reiterada o 13 de febreiro de 2020 e o 10/06/2020 sen resposta.

O 17/09/2019, na reunión de comisión de seguimento do acordo do ano 2008, aprobáronse unha serie de pequenas melloras nas condicións de traballo do persoal de referencia, mentres se manteña a negociación do novo acordo de condicións de traballo, para compensar unha parte do grande exceso de horas ocasionado polo período extraordinario de gardas regulado polo acordo de 2008. Naquela reunión acordouse que a Xunta de Galicia elaboraría unha proposta que sería trasladada antes de finalizar o ano 2019 á mesa de negociación sobre as novas condicións de traballo.

Logo de asembleas e mobilizacións recentes do colectivo, a Consellería do Medio Rural convocou aos sindicatos a dúas reunións que nin foron mesa de negociación nin tampouco comisión de seguimento do acordo de 2008.

Na reunión do 26/06/2020 trasladáronnos que a poucos días das eleccións e sen saber o Goberno nin a conxuntura económica que quedará tras a pandemia NON hai ningunha proposta firme porque están aínda traballando na reorganización. Por tanto, **despois de 2 anos desde que pediramos a negociación das condicións laborais, a consellería non foi capaz de dicirnos como pretenden reorganizar**. Porén, dixeránnos que pretendían ofrecernos algunha pequena mellora nas condicións para levar a cabo a campaña de incendios do ano 2020. Quedamos entón á espera de recibir o texto proposto para estudalo, consúltalo co colectivo e, no caso de decidirmos asinalo, facelo no ámbito dunha comisión de seguimento do acordo do ano 2008. Fixémoslles saber que nese texto deberían figurar melloras tanto para técnicos como para xefes de distrito e que debería quedar fixada nel unha data para a presentación da proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar.

Onte trasladóusenos a mellora que pretendían, que non era máis que un mero retoque do acordado o 17/09/2019, só aplicable aos xefes de distrito. Esa información foi compartida co colectivo e a resposta practicamente unánime das voces conminounos a non aceptar o parche proposto. Entendemos que, ademais, pode tratarse dunha maneira torticeira de tentar quebrar a unidade do colectivo tentando enfrontar aos xefes de distrito co resto de compañeiros, o que claramente non lles funcionou.

Na reunión de hoxe, 30/06/2020 **as organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT amosamos a nosa postura unitaria de que non aceptamos o parche proposto e de que continuaremos presionando ata que presenten unha proposta integral de reorganización sobre a que se poida negociar**. É de dereito.